

Resolución do 8 de xaneiro de 2024 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre a unha praza de vixiante municipal no concello de Rábade (código de procedemento PR461E).

Na sesión que tivo lugar o día 8 de xaneiro de 2024 o tribunal nomeado pola Resolución do 19 de outubro de 2023 (DOG núm. 207, do 31 de outubro) acordou por unanimidade publicar os seguintes aspectos informativos da realización do cuarto exercicio:

Primeiro. Desestimar a alegación presentada ás cualificacións provisionais do cuarto exercicio do proceso.

Segundo. Publicar como **Anexo I** a esta Resolución a **listaxe definitiva de cualificacións do cuarto exercicio, probas psicotécnicas**, seguindo un criterio alfabético.

TERCEIRO. Informar que o **quinto exercicio (recoñecemento médico)** do proceso realizarase o días **10 de xaneiro de 2024** en Santiago de Compostela, no seguinte enderezo, en chamamento único:

CUALTIS

c/ Vía Pasteur, 45. Bajo

Polígono del Tambre

15890 Santiago de Compostela

Cuarto. Publicar o **Anexo II** da **listaxe de persoas convocadas para a realización do 5º exercicio** que serán os 5 aspirantes que resultaron aptos no 4º exercicio por orde de chamamento, data e hora e hora de realización.

O recoñecemento médico será efectuado por persoal facultativo especialista e o seu fin é garantir que as persoas aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións de vixiante municipal propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.



A efectos da exclusión da persoa aspirante, terase en conta o seguinte:

- a) Obesidade - delgadeza. Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo. Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9, considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.
- b) Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

As persoas convocadas deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.

As condicións nas que terán que comparecer ao exercicio as persoas convocadas son:

- Para a extracción de sangue debe acudir en xaxún (mínimo de seis horas). Poden beber auga.
- No caso de que a persoa aspirante estea recibindo un tratamento crónico ou teña un diagnóstico relevante para o recoñecemento, é necesario que achegue un informe médico informando do diagnóstico establecido e/ou tratamento.
- Se emprega lentes, é necesario levalas ao recoñecemento médico.
- Debe acudir coa cartilla de vacinacións no caso de que dispoñan dela.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

Conforme ao establecido nas bases da convocatoria, as cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na páxina web da AGASP e concederáse un prazo de **cinco días** a efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal. No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente deberá remitirse unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal, antes de que remate o prazo.

Tal e como establece a base 7.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo Tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



A Presidenta do Tribunal
Amara García Senín

